

Da man de Cilha Lourenço Mória, editora do volume, chegan desde A Coruña tres vellas pezas da autoría de Manuel Lourenzo que no seu día foron espectáculo con aquela compañía, Teatro Circo, que estivo entre as máis activas do teatro independente galego. Un teatro que, para alén do uso da lingua galega, seguía os parámetros estéticos e políticos do teatro independente peninsular, alimentado por tantas renovacións como se estaban a integrar ou desenvolver desde medidos do pasado século, con nomes e compañías como Bertolt Brecht, Enrique Buenaventura, o Living Theatre, ou o Teatro Lebrjano, canteira na que Salvador Távora atopou a veta para construír La Cuadra.

Nun traballo escrito como homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, a propósito da súa obra seminal *Laudamuco señor de Ningures*, explicábase como todo texto dramático sempre é portador dunha serie de marcas textuais que, en boa medida, configuran non só a maneira en que quere ser lido, senón tamén a maneira en que quere ser representado en escena. Falabamos daquela da presenza dun dramaturxista ficticio que propón un espectáculo virtual, e naquel caso, o texto recollía algúns dos trazos que mellor definían unha maneira diferente de facer teatro, allea ás convencións do teatro comercial, dominante nos primeiros setenta.

Outro tanto ocorre con estas pezas de Manuel Lourenzo, que mostran unha maneira de crear mundos escénicos. En primeiro lugar, colle forza o colectivo, que se constitúe como unha sorte de coro que representa ao conxunto da cidadanía e do que saen as persoas que lle poñen cara e palabra ao drama. Así comeza *Crónica do sol de inverno*, que foi espectáculo en 1971. Neste caso, hai que dicir que esa dimensión coral, e colectiva, do traballo, mestúrase co coñecemento que Manuel Lourenzo ten do teatro grego, no que o coro sempre vai ter unha notable importancia, que se mantivo nas sucesivas épocas en que agrupamos a peripecia europea, pois a materia dramática dos ciclos tebano, troiano ou áttrica vai alimentar numerosos autores e textos. Manuel Lourenzo escribe unha e outra vez versións e variacións en torno a figuras clave coma Electra ou Hipólito e sobre este último vai escribir unha peza homónima que se estrea en 1973, e na que nos mostra momentos esenciais da paixón irrepresible de Fedra e da inocencia distante do seu fillastro, vincteiro de Teseo.

Como trazos máis singulares cabe salientar a importancia do actor, que pasa a ser o elemento de significación fundamental, pois moitos dos demais, como a indumentaria, a maquillaxe ou a

escenografía adquiren unha dimensión puramente funcional, sempre ao servizo do traballo dos intérpretes. Tamén viña motivada esa escolla polo feito de que os grupos independentes apenas visitaban os teatros e fixeron da itinerancia un sinal da súa identidade. Un pouco na liña daquelas misións pedagóxicas que creou en 1932 a Segunda República coa finalidade de democratizar a cultura.

Outra clave importante para comprender aquel tea-

Textos do teatro independente

Tres pezas de Manuel Lourenzo

MF VIEITES

tro que quería ser independente ten que ver coa materia dramática, especialmente escollida para presentar ao público toda unha xeira de situacións que, de forma alegórica ou directa, lle mostraban os conflitos daquel presente en que a longa noite de pedra da que escribira Celso Emilio aínda metía medo. Un trazo dominante que destaca especialmente na *Crónica do Sol de inverno*, na que se recrean vellos conflitos entre servos e señores, os mesmos que denunciara

Manuel Luguís Freire en *A ponte* e que aínda hoxe seguen enchendo as páxinas dos xornais, cando se denuncian, de feitos arrepiantes. Falamos da consideración e uso da figura da muller en tanto obxecto do desexo dos poderosos. Por iso, entre outras cousas, e desde hai tempo, Manuel Lourenzo é un dos nosos clásicos.

LOURENZO, Manuel, *Teatro Circo. Tres textos* (ed. Cilha Lourenço Mória), A Coruña, Manuais CasaHamlet, 2011, PVP 12 €



A figura de Pedro Álvarez de Soutomaior foi unha das máis queridas do primeiro rexionalismo e do nacionalismo posterior. E así temos obras debidas a Xoán Cuveiro Piñol, de 1897, ou a de Daniel Cortezón, de 1981. As dúas levan o mesmo título, *Pedro Madruga*. Con Pardo de Cela, foi un dos nobres galegos que máis se ten asociado á causa dunha Galicia independente de Castela, pero quizais asimilada ao

Reino de Portugal. Velaí unha das incógnitas que nos deixou a derrota de Xoana a Beltranexa. Semella que morreu o tal Pedro en 1486 en

menos, que en Cristovo Colón.

Neste volume atopamos a peza Erros e ferros de Pedro Madruga, que Teatro Circo estrea en 1972. Co-

tes aos tres estamentos enfrontados naquela altura: as xentes do común, a mitra compostelá e a nobreza galega. E nesas loitas o de Soutomaior tiña as ideas moi claras e sabía ben en que bando xogaba. Como o seu aliado Pero Pardo de Cela, ou coma o vello Pedro Álvarez Osorio, conde de Lemos. Unha peza fermosa que quere mostrar os feitos, sen outra pretensión que incidir na complexidade dos mesmos.

Pedro Madruga

Alba de Torme, pero tamén hai quen sinala, sen falta de probas, que se transmutou, nin máis nin

mo se dixo, é unha obra coral na que toman a palabra voces moi diversas, mais todas elas pertencen-